

**ACTA Nº 15-2011**  
**DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO**  
**MUNICIPAL**  
**- DIA 29 DE SETEMBRO DE 2011 -**

**Marxe que se cita:**

**ASISTENTES**

**Presidente:** -ADOLFO FRANCISCO  
MUIÑOS SANCHEZ

**Concelleiros/as:**

ADELINA CES QUINTANS  
XOAN VICENZO CES RODRÍGUEZ  
Mª TERESA SOBRADELO IGLESIAS  
CONSTANTINO CASTAÑO CALVO  
HADRIANA ORDOÑEZ OTERO.- ( incorpo-  
rase no punto 3 da orde do dia)  
JOSE CARLOS GEY HERMO  
MARIA OLGA GONZÁLEZ DOURADO  
SONIA CASTAÑO EIRAS  
ANA MARIA AGRELO REY  
Mª VANESA MARTÍNEZ DURAN  
JOSE RICARDO BESADA GESTO  
Mª DE LAS NIEVES VICENTE VARELA  
JOSE LUIS CASTIÑEIRAS LESENDE  
ELISA BOUZAS VICENTE  
ANA MARIA EITOR VIDAL

**Concelleiros ausentes:**

JOAQUIN DOMINGUEZ SALGADO

**Secretaria:**

Carolina Costoya Pardo

**Interventora:**

Mª Belén Rodríguez Tourón

Na Casa Consistorial de Rianxo na data sinalada ut supra, ás **20:02 horas** reúnen os/as Concelleiros/as electos/as que á marxe se indican, coa asistencia da Secretaria da Corporación, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión do Pleno Municipal, neste caso sesión ordinaria.

Constatada a presenza de todos os seus membros e polo tanto a existencia de quórum suficiente para celebrar a sesión deste órgano, pola Presidencia declárase aberta a sesión e procédese a trata-los asuntos incluídos na seguinte

**ORDEN DO DÍA:**

- 1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.
- 2º.- DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDIA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO.
- 3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2010.-
- 4º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL Nº 4/2011.
- 5º. INCREMENTO DAS CONTÍAS GLOBAIS DESTINADAS A PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS NO EXERCIZO 2011.
- 6º. CORRECCIÓN DE OBRIGAS, POR ERRO MATERIAL, RELATIVAS A EXERCIZOS PECHADOS.
- 7º.- CESIÓN DE USO DE BALDE, SE PROCEDE, DUN LOCAL PARA O INE AO ABEIRO DA ORDEN PRE/1794/2011.-
- 8º.- FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.-
- 9º.- MOCIONS DE URXENCIA.
- 10º.- ROGOS E PREGUNTAS

**1.- APROBACION DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES**

**Acta Nº 14 Sesión ordinaria do día 25 de agosto de 2011.**

A Presidencia pregúntalle aos Concelleiros/as se desexan formular algunha observación á acta indicada.

Adelina Ces Quintáns, di que: na paxina 13 no punto relativo á proposta de Festivos Locais ano 2012, onde pon: ".../... 24 de xullo ou o día de San Xoán,.../...", debe dicir: ".../... 24 de xuño San Xoán .../...".

Así mesmo, a concelleira quere facer a aclaración de que como no houbera proposta de cambio pola Cofradía ou comisión de festas optouse pola proposta que se presentou.

A Secretaria comproba o erro sinalado e admite a corrección.

Non habendo máis observacións ao respecto, queda APROBADA a acta citada ca rectificación sinalada, por unanimidade dos presentes.-

## **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO**

**2.A)** A Presidencia da conta das Resolucións de Alcaldía ditadas dende o día 01 de agosto de 2011 ata o 31 de agosto de 2011, que comprenden os números 1048/2011 ao 1113/2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.

**2.B)** A Presidencia da conta das Actas das Xuntas de Goberno Local que se indican a continuación:-

- Acta Nº 17 Sesión ordinaria do día 09 de agosto de 2011.
- Acta Nº 18 Sesión ordinaria do día 23 de agosto de 2011.
- Acta Nº 19 Sesión extraordinaria do día 13 de setembro de 2011.

Non se producen intervencións.

O Pleno da Corporación DÁSE POR ENTERADO.-

## **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2010.-**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Visto o expediente da Conta Xeral do Concello de Rianxo correspondente ao exercicio económico de 2010, no que consta a documentación prevista nas regras 97 e seguintes da Instrucción do modelo normal de contabilidade, aprobada por orden EHA/4041/2004, de 23 de novembro de 2004.

Visto o dictame favorable da Comisión Especial de Contas.

Cumpridos os trámites legais de información pública sen que se formularan reparos ou observacións.

Considerando que o artigo 212.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto – Lexislativo 2/2004 atribúe ó Pleno a competencia para a súa aprobación, esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio de 2010 do Concello de Rianxo nos termos e coa documentación que consta no expediente.

SEGUNDO.- Render a citada conta ao Consello de Contas

TERCEIRO.- Render a citada conta ao Tribunal de Cuentas>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/09/2011, sendo este favorable, e do día 29/09/2011, para indicar unha corrección de datas na exposición pública, seguindo sen alegacións en dito período.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, D.<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, pásalle a palabra ao concelleiro D. José Ricardo Besada Gesto que di que a Conta Xeral presentouse antes das eleccións municipais de xeito que algunhas das cousas non se podían facer ben. Hoxe toca aprobar esta Conta Xeral 2010, e lembra ao Alcalde que cando él era oposición pedira a súa entrega en formato pen ou DVD e, no en tanto, agora sendo Alcalde non a facilita. Por outra banda, quere facer constar que aínda hoxe recibiron por correo electrónico comunicación da xuntanza informativa coa Interventora municipal para aqueles concelleiros que desexaran asistir, polo que non se convoca no tempo nin na forma, cando tivo todo un mes e agora faise esa pantomima.

Chama a atención sobre a cantidade de informes desfavorables da interventora xeral titular e levantados por Decreto, tamén os hai favorables de interventores ocasionais. Tamén ve gastos mínimos do anterior goberno local pero que non son propios do Concello, xa que, por exemplo, figura algunha coroa de defuntos pero no municipio morreron moitos mais ¿por qué a este?, outro caso o das alianzas por valor de 85€ que non se especifica para quen foi, mais pagouse co diñeiro de todos os rianxeiros. Por ilo, sabe o que a Alcaldía dicía antes e sabe o que di hoxe ¿que pasou, aplica os métodos caciquís do Sr. Piñeiro? O único claro das contas é o endebedamento, con débedas a largo e corto prazo, orzamentarios ou non. A saúde da Facenda municipal esta na UCI.

Remata solicitando mais tempo para ver as contas do concello, xa que a concelleira do PP soamente tivo media hora antes da comisión para analizalas.

O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que queda perplexo coa exposición e o que achaca de escurantismo do anterior goberno. Afirmar que son contas tramitadas conforme a lei, sometidas en prazo a Comisión Informativa de Contas, expostas ao público para alegacións, non houbo un só reparo nin de veciños, nin de colectivos nin do Partido Popular, tráese no día de hoxe ao Pleno corporativo para sometelo no prazo e remitir ao Tribunal de Contas. Comprométese a dar resposta a eses pequenos gastos protocolarios pero por exemplo onte el mesmo acompañou aos membros do PP á Secretaría para poñer a súa disposición as contas. Cando se convocou para a reunión informal foi para ter opción de preguntar aquelas dúbidas que lles quedarán ás cinco da tarde que podería atendelos a interventora. En canto ao CD/DVD o haberá porque non teñen problemas en ofrecerllos. Por outra banda respecto dos informes existentes, calquera interventor que os asina está a dar a súa conformidade a ditas actuacións e as respalda de ser favorables. Quere aclarar que non existen débedas a corto prazo, non hai facturas contabilizadas a 2010, é e mais, no Concello de Rianxo non hai facturas pendentes de pago a maio de 2011. O resultado orzamentario total a día de hoxe é positivo en máis de 400.000€.

Incorporase a sesión plenaria a concelleira do grupo municipal BNG, Dona Hadriana Ordóñez Otero, sendo as 20:00 Horas.

Sigue coa súa intervención Don José Carlos Gey Hermo, que di que no ano 2010 afrontouse unha débeda que se esta a diminuír mentres se seguen a prestar os servizos, tamén se está a reducir parte dos negativos da tesourería. A crise afecta a todos e se lle esta facendo fronte coa diferenza de que poucos concellos teñen as contas e os pagos ao día como este concello.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, manifesta que o BNG vaina a aprobar porque reflicte o estado xeral do concello, non téndose presentado alegacións agora procede fiscalizalas polo Consello de Contas. Non vai engadir máis, si que é certo que non son as contas do seu goberno senón dun anterior pero hai que sometelas a aprobación. Tamén di que puidéronse remitir en CD mais estiveron a disposición dos membros da oposición, certamente a convocatoria da xuntanza explicativa non foi quizás con todo o tempo que se puidera precisar. Respecto dos gastos impropios apuntados a realidade é que son gastos feitos e hai que rendilos. Resumindo, tratouse de dar todas as oportunidades para que a oposición tivera a máxima disposición e fíxose todo o que se puido antes do prazo para render as cotas.

Replica, co permiso da Alcaldía, a voceira do grupo municipal PP Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Durán que o que pretenden non esta na Conta Xeral, e para explicar todo eso as 17:00 horas de hoxe difícil sería, máis logo estudialo. ... En canto ao CD hai un no expediente, bastaría que o Alcalde dera orden de que se remitira copia. Da coroa sí se sabe a quen estaba dirixida pero cales son os criterios que se seguía para mandar a uns e non a outros?, e hai débedas de crédito por 975.000€. E respecto dos informes dos interventores casualmente os dos interventores conxunturais sempre son favorables. n canto a Comisión Informativa non estaba a disposición a conta xeral dende aquela e lles corresponde por Lei.

Continúa respostando a D. José Carlos Gey Hermo que non somos un concello boiante ¿non lle preocupa a situación das contas de Rianxo? ao PP sí, e antes o BNG as criticaba.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, replica que se abstiveran de aquela e hai que aprobalas porque hai que mandalas e cree que actúa con todas as da lei, e aínda que o funcionariado e o Sr. Alcalde fixeron esforzos tamén o PP ten dende maio para ver as contas. A comisión informativa última, a de hoxe, debeuse a un erro que detectou a interventora e se deu conta delo, sen que dito erro afecte ao seu importe ou ao contido da conta xeral na súa documentación, soamente era un erro na exposición pero aínda así no prazo segue sen haber alegacións.

Don José Carlos Gey Hermo remata dicindo que non lle parecen afirmación serias, na Comisión Informativa poden absterse ou aprobar ou rexeitar, a abstención é o camiño que parece seguir o PP. O PSOE vai a aprobar o que hai.

A concelleira do grupo municipal PP, Dona M<sup>a</sup> de las Nieves Vicente Varela pide intervir ao Sr. Alcalde, e concedéselle a palabra, porque quere explicar que cando se absteñen nas comisións informativas é para logo trasladar a información ao grupo político para logo decidir qué votar no Pleno.

O Alcalde lembra que non aprobar as contas non é algo imprescindible, senón que é necesario para logo recibir recursos, sobre todo na situación actual. Coas salvedades indicadas pola voceira do grupo municipal do BNG, parécelle inxusto que o PP diga que tiveron escaso tempo para ver algo que esta feito dende o mes de maio de 2011. Nunca se lles puxo traba para eles, e dende o mes anterior sábese que se van a traer, ningún veu velas nin preguntou por elas e estiveron nas oficinas de intervención sen ir a miralo.

Esta semana puxéronse a disposición na Comisión Informativa de Economía do día 22/09/2011. Logo fíxose esta outra Comisión Informativa a maiores; o do CD-ROM autorizábase para mandar a interventora e trasladóuselle pero non houbo tempo. A próxima Conta Xeral vaise presentar en CD-ROM, pero tamén quere deixar constancia que hai unha parte ilexible e outra que soamente se ve co programa específico que facilita a deputación.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), e cero abstencións, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

#### **4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL Nº 4/2011**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Ante a necesidade de facer o recoñecemento de obrigas de exercicios pechados para proceder o seu pago, xa que no seu momento non foron recoñecidas as correspondentes obrigas , por importe de 1.292,60 €.

Incorporado o preceptivo informe de intervención emitido o 20/09/2011, que conclúe: "Corresponde ao Pleno da Corporación o acordo de recoñecemento de crédito extrajudicial, das obrigas do presente expediente, por non existir crédito adecuado aínda que si suficiente no orzamento do exercicio 2011. Este acordo suporía a habilitación do crédito nas aplicacións orzamentarias indicadas e o recoñecemento extrajudicial das obrigas que se reflicten a continuación:

Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
199/11	1418	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Revisión prezos alumeado 01-08-2010 ó 31-12-2010	2011.0.165.0.22796	127,70 €
Y/1367	1419	E.Varela e Hijos, S.L. Revisión prezos alumeado 01-08-2010 ó 31-12-2010	2011.0.165.0.22796	127,70 €
07/2011	1464	Manuel Ordoñez Fernandez, S.L. Recollida lixo Agosto-Dec. 2010 IPC xuño 09-xuño 10	2011.0.162.0.20900	1.037,20 €
		IMPORTE TOTAL		1.292,60 €

Este é o meu informe que someto a calquera outro con mellor criterio fundado en dereito."

En virtude do exposto, e en consonancia coa documentación do expediente, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primero:** Aprobar o recoñecemento extrajudicial 4/2011 de crédito, por importe total de 1.292,60 euros, correspondente a gastos realizados en exercicios pechados pero dos que a imputación orzamentaria ó correspondente exercicio non se realizou e procede a realizarse no exercicio 2011, conforme o seguinte detalle:

Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe
199/11	1418	Ramon y Oscar Tubio, S.L. Revisión prezos alumeado 01-08-2010 ó 31-12-2010	2011.0.165.0.22796	127,70 €
Y/1367	1419	E.Varela e Hijos, S.L. Revisión prezos alumeado 01-08-2010 ó 31-12-2010	2011.0.165.0.22796	127,70 €
07/2011	1464	Manuel Ordoñez Fernandez, S.L. Recollida lixo Agosto-Dec. 2010 IPC xuño 09-xuño 10	2011.0.162.0.20900	1.037,20 €
		IMPORTE TOTAL		1.292,60 €

**Segundo:** Que tal recoñecemento extrajudicial de crédito sexa con cargo á aplicación orzamentaria e polo importe sinalado, por existir crédito retido con esta finalidade.

**Terceiro:** Que a aprobación deste gasto de lugar ás anotacións contables e orzamentarias que correspondan, ordenándose ademais o pago destas.>>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/09/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, pásalle a palabra ao concelleiro Don José Ricardo Besada Gesto, que di que o seu grupo vai absterse.

O Señor Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que o seu grupo van votar a favor.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

### **5.- INCREMENTO DAS CONTÍAS GLOBAIS DESTINADAS A PRODUCTIVIDADE E GRATIFICACIÓNS NO EXERCIZO 2011.**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Debido a recente celebración das Festas da Guadalupe 2011 e coa finalidade de garantir a limpeza, adecuación de espazos públicos e a seguridade, algúns traballadores do Concello tiveron que soportar unha actividade extraordinaria no desempeño do seu traballo, razón esta pola que a Alcaldía pretende retribuílos a través da concesión de complementos de produtividade.

Sendo que de acordo co artigo 5.5 do Real Decreto 861/1986 de 25 de abril, polo que se establecen o réxime de retribucións dos funcionarios de administración local, corresponde ao Pleno de cada corporación determinar no orzamento a contía global destinada á asignación de complemento de produtividade.

Sendo que inicialmente a contía global por este concepto recollíase na aplicación orzamentaria 150.00 e que o crédito consignado inicialmente é de 15.000,00 €.

Quere proporse ao Pleno da Corporación o incremento da contía global de 15.000,00 € a 38.500,00 €.

Por outra banda é preciso contemplar un incremento da contía de gratificacións para poder recoñecer gratificacións e horas extras ao persoal por asistencias a comisións fora da xornada, e servicios extraordinarios varios que se estimaron necesarios realizados fora da xornada normal de traballo.

Sendo que de acordo co artigo 6.1 do Real Decreto 861/1986 de 25 de abril, polo que se establecen o réxime de retribucións dos funcionarios de administración local corresponde ao Pleno de cada corporación determinar no orzamento a contía global destinada á asignación de gratificacións.

Sendo que inicialmente a contía global por este concepto recollíase na aplicación orzamentaria 151.00 e que o crédito consignado inicialmente é de 4.000,00 €.

Quere proporse ao Pleno da Corporación o incremento da contía global de 4.000,00 € a 8.500,00 €.

Para financiar este incremento nas aplicacións orzamentarias que correspondan procederíase a transferencia de crédito dende as aplicacións orzamentarias que de seguido se indican, con expresión de importe que corresponden a prazas vacantes a 31/08/2011, razón esta pola que son reducibles sen menoscabo do correspondente servizo.

1.- Corresponden a retribucións da praza de arquitecto (nº 18 do anexo persoal orzamento 2011).

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe que se reduce
Básicas	150/120.00	10.715,81 €
Complemento destino	150/121.00	5.585,60 €
Complemento específico	150/121.01	2.697,85 €

2.- correspondente a retribucións da praza de oficial vacante dende xaneiro de 2011 e os sobrantes ata agosto do 2011 das prazas de oficial e axente de policía local que xurden tendo en conta que a praza de oficial foi cuberta por un axente da policía local neste ano.

Concepto	Aplicación orzamentaria	Importe que se reduce
Básicas	132/120.03	9.000,74 €

Incorporado o preceptivo informe de intervención emitido o 19/09/2011

esta Alcaldía propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: elevar contía global destinada á asignación de complemento de produtividade de 15.000,00 € a 38.500,00 €.

Segundo: elevar contía global destinada á asignación de gratificacións de 4.000,00 € a 8.500,00 €. >>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/09/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### DEBATE:

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, pásalle a palabra ao concelleiro Don José Ricardo Besada Gesto que di van a votar a favor, pero que-re dicir aos veciños que se inverteron 67.000,00€ nas festas da Guadalupe.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, quere concretar que dentro de esa cantidade a que fai mención o concelleiro hai máis conceptos que a Festa da Guadalupe como por exemplo gastos de limpeza, gratificacións a policía, obras, etc.

O concelleiro Don José Ricardo Besada Gesto di que iso non era o que viña na documentación.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que está a explicar o que hai, de cara ao futuro haberá que mirar o que se poderá gastar.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que haberá que explicar ao pobo o que se gasta nas festas e os gastos do persoal do Concello que efectúen ditos traballos.

O Alcalde di que está claro que hai que rebaixar a participación nesto.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, comenta que na proposta soamente pon Festas da Guadalupe.

O Alcalde dille que son parte dos gastos do expediente pero non todo.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 16 concelleiros (os 6 do BNG, 4 do PSOE-PSdeG e 6 do P.P.), cero votos en contra, e cero abstencións, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **6.- CORRECCIÓN DE OBRIGAS, POR ERRO MATERIAL, RELATIVAS A EJERCIZOS PECHADOS.**

O Sr. Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<En relación co expediente relativo á anulación de obrigas contraídas por erro e rectificación de saldo inicial de obrigacións recoñecidas que se encontran pendentes do pago e a vista do informe de intervención emitido ao respecto en data 19/09/2011, é necesario propor a anulación das seguintes obrigas polos importes recoñecidos en exceso por error material:

Documento contable de recoñecemento de obrigas	Data do recoñecemento de obrigas	Concepto polo que se recoñeceu a obriga	Importe documento	Importe da corrección de saldos de cerrados
24.686	30/12/2006	resto aportación municipal a obra Beirarúas en Isorna	298,31 €	298,31 €

De acordo co exposto, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

**Primero:** Aprobar a anulación de obrigas contraídas por erro e rectificación de saldo inicial de obrigas recoñecidas que se encontran pendentes de pago de exercicios pechados que se relacionan a continuación:

Documento contable de recoñecemento de obrigas	Data do recoñecemento de obrigas	Concepto polo que se recoñeceu a obriga	Importe documento	Importe da corrección de saldos de cerrados
24.686	30/12/2006	resto aportación municipal a obra Beirarúas en Isorna	298,31 €	298,31 €

**Segundo:** Practicar os asentos contables necesarios para facer efectiva a anulación das obrigas contraídas por erro e a rectificación de saldos iniciais de obrigas de exercicios pechados.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ECONOMIA, FACENDA, INDUSTRIA, COMERCIO E EMPREGO do día 22/09/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, pásalle a palabra ao concelleiro Don José Ricardo Besada Gesto que di o seu grupo vai a absterse.

O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que cree que hai que aprobala que soamente é unha corrección.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que tamén apoian a proposta.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstención (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **7.- CESIÓN DE USO DE BALDE, SE PROCEDE, DUN LOCAL PARA O INE AO ABEIRO DA ORDEN PRE/1794/2011**

O Alcalde parte da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<Ao abeiro da Orden Pre/1794/2011, pola que se ditan instrucións para a formación dos censos de poboación e vivendas do ano 2011, e da posibilidade prevista no artigo 7.3º da mesma para ubicar oficinas comarcais ou de zona nas que desenvolvera o traballo ao respecto persoal do INE.

Considerando o estipulado no artigo 9 da Orde, que alude á colaboración dos concellos co INE, sendo sufragados os gastos en que estes incorran por esta colaboración mediante unha cantidade fixa segundo teña mobiliario ou non ( de 500€ a 1.000€) no anexo IV da orde.

Visto que o artigo 11 da Orden/PRE/1794/2011, do 29 de xuño, di que o INE poderá solicitar aos concellos que estime necesario a utilización de locais, coas características de ditas oficinas, tempo de dispoñibilidade e compensación económica por parte do INE.

Téndose recibido o día 16/05/2011 ( RXE nº 2843), requirimento pola Delegación Provincial de A Coruña do INE, dun local para ubicar oficina comarcal ou de zona, indicando as características do local, os bens mobles dos que disporá, peche en ausencia do persoal, gastos de uso e mantemento ( limpeza, consumo de auga, enerxía eléctrica, e outros a compensar cunha cantidade aproximada de 1.000€ por oficina) e determinación do período entre o 01/10/2011 e 31/03/2012.

Tratándose dunha **cesión de uso por prazo de 6 meses e coa obriga de dotar de certos elementos mobles e cobertura telefónica da red Vodafone**. O período está determinado pero se a disposición efectiva atrasase, alongaríase nese mesmo prazo o uso do local ( segundo anexo IV)

Tendo amosado esta Alcaldía disposición ao efecto ao INE o día 17/06/2011, sen prexuízo da tramitación procedente e disposición, de aprobarse, oficial a tal fin.

Dispoñendo o concello de despachos no edificio municipal do Cuartel Vello, destinado a diferentes oficinas municipais, e que como tal figuran no inventario cualificado dito edificio como ben de servizo público (art. 4 do **Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais**), segundo consta no expediente.

En canto ao tipo de uso que se solicita polo INE sería considerado un **uso privativo ou uso anormal dos bens de servizo público**, conforme ao artigo 75 e 78 do RBEL.

Emitido informe pola Secretaria e Intervención municipais o día 19 de setembro de 2011, sobre a vía de cesión do uso do local aconsellándose a concesión do mesmo debido ao seu carácter demanial, sendo viable a aplicación do procedemento de adxudicación directa previsto no artigo 137.4 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, en tanto tratase dunha cesión a outra Administración.

Considerando que o artigo 47. 2º ñ) da LBRL 7/85, dispón a existencia de maioría absoluta para a "*Cesión gratuita de bens a outras Administracións ou institucións públicas.*"

Polo exposto, propónse á Comisión Informativa para o seu ditame, e posteriormente ao Pleno o seguinte

ACORDO:

**PRIMEIRO:** Autorizar a concesión ou cesión de uso por 6 meses ao Instituto Nacional de Estatística do seguinte local para os fins determinados na Orden Pre/1794/2011, pola que se ditan instrucións para a formación dos censos de poboación e vivendas do ano 2011

- un *DESPACHO NO EDIFICIO DO CUARTEL VELLO, situado en Praza Castelao, s/n Rianxo.*

*Dito despacho disporá do mobiliario indicado na Orden sinalada e cobertura telefónica da rede Vodafone.*

Esta concesión ten lugar via adxudicación directa, tal e como se prevé no artigo 137.4 da Lei 33/2003 de Patrimonio das Administracións Públicas, en tanto tratase dunha cesión a outra Administración.

**SEGUNDO:** Os termos de dita concesión son os que pasan a indicarse:

A) Duración da cesión: Cédese o uso do devandito local por un período de 6 MESES a contar dende o día seguinte a data da toma de posesión de dito local polo cesionario, non antes do 01/10/2011, nin despois do 01/12/2011. Fárase constar por escrito.

B) Obrigacións do Cedente: O Concello de Rianxo comprométese a realizar a cesión de dito despacho con carácter gratuito e sen ningún tipo de contraprestación por parte do cesionario no tocante a uso do local en sí e do mobiliario que existe neste.

O Concello de Rianxo farase cargo inicialmente dos gastos de luz, auga, limpeza, e demais de carácter ordinario (excluído material non inventariable), e sen prexuízo do abono dos gastos que se efectúen polo cesionario ao abeiro do estipulado no anexo IV da Orden Pre/1794/2011.-

C) Obrigacións do cesionario:

De conformidade co esixido nos artigos 92 e 93 da Lei 33/2002, de 3 de novembro, do **Patrimonio das Administracións Públicas**, o INE empregara dito local unicamente para o fin indicado na Orden Pre/1794/2011.-

O uso do local efectuarase polo INE conforme as necesidades propias de dita tarefa, de índole administrativa, adoptando as medidas oportunas no seu uso para evitar danos, detrimentos ou deterioros que se puideran ocasionar no local por parte do persoal que o INE adscriba a esta oficina provisional, así como por terceiros que acudan a el para a execución dos fins que pretenden. De producirse danos, deberanse reparar polo INE e a súa costa, a maior brevidade e previa autorización municipal.

Deberase comunicar polo INE as persoa adscritas a dito oficina para a súa identificación e entrega das chaves do local.

D) O concello reservase a facultade de **inspección** do uso axeitado das instalación cedidas en calquera momento.

E) Queda expresamente prohibido ao INE, a cesión, subarrendo, traspaso das instalacións obxecto da presente, e en xeral, calquera acto que supoña directa ou indirectamente ceder ou subrogar nel dereitos ou obrigacións.

F) Todo o persoal que o INE contrate para a realización das tarefas ou a prestación de servizos dentro das instalacións que se ceden, dependerá única e exclusivamente do referido organismo. En ningún caso se entenderá que existe algún tipo de vínculo contractual entre estes traballadores e o Concello de Rianxo, xa sexa de natureza laboral, civil ou administrativa, quedando exonerado o concello de calquera responsabilidade por incumprimento das obrigas que corresponda ao INE con eses traballadores.

G) Serán **causas de resolución** da cesión:

- A finalización do período de cesión estipulado no presente acordo, agás nova determinación regulamentaria ou prórroga da orde e previa conformidade municipal, de existir posible disposición do local.
- Mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das obrigacións estipuladas neste acordo.
- Que o INE rexeite continuara a concesión, debido a súa incapacidade material, carencia de persoal ou disolución deste.
- Que nas instalacións deixe de haber actividade durante un prazo de 4 meses, agás causa motivada e comunicada ao concello.
- Calquera outra causa que derive da natureza da cesión de uso.

H) Finalizada a cesión calquera que sexa a causa, revertirán gratuitamente ó concello a totalidade dos bens obxecto da cesión, incluídas as posibles accesoións ou melloras que por parte do INE se houberen acometido, e non puideran ser obxecto de separación, sen que esta circunstancia de lugar a ningún tipo de compensación.

**TERCEIRO:** Darlle traslado ao INE deste acordo para o seu coñecemento e efectos.>>

A devandita proposta someteuse a DITAME da COMISION INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS, PARTICIPACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS INTERNOS, do día 22/09/2011, sendo este favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

**DEBATE:**

A voceira do grupo municipal Partido Popular, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, pásalle a palabra ao concelleiro Don José Ricardo Besada Gesto di que o grupo do PP vaise abster.

O Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que xa que temos o local vamos a poñelo a disposición, non hai custo algún polo mobiliario e a cobertura electrónica.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, comenta que se vai a contribuír a que se actualice o censo e que sería bo que se incremente o Padrón.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 abstencións (os 6 do P.P.), e cero votos en contra, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **8.- FORMULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL**

O Alcalde da lectura da proposta que figura no expediente deste asunto, que literalmente di:

<<As actuais circunstancias que afectan ao desenvolvemento do concello así como a necesidade de dar cumprimento aos fines da actividade urbanística enunciados no artigo 4 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, puxeron de manifesto a indomorable elaboración dun Plan xeral de ordenación municipal, o que porá fin a vixencia das normas subsidiarias municipais do Concello de Rianxo, aprobadas definitivamente pola Comisión Provincial de Urbanismo na sesión celebrada con data de 11/07/1985.-

De conformidade co estipulado no artigo 81 do mencionado texto legal, os concellos teñen a potestade para formular e aprobar con carácter inicial o Planeamento xeral do seu termo municipal.

A tal fin, tense creado a Comisión Informativa especial do PXOM, e efectuouse a contratación do servizo para a súa redacción, estando a día de hoxe redactado o documento para sometemento a informe do órgano autonómico competente, con carácter previo á súa aprobación inicial.

Por todo elo, esta Alcaldía propón ao Pleno como órgano competente ao abeiro do previsto no artigo 22 da Lei 7/85, de bases de réxime local, previo sometemento á Comisión Informativa especial, a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro:** Formular o Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rianxo.

**Segundo:** Continúese cos trámites legalmente procedentes.->>

A devandita proposta someteuse a **DITAME** da COMISION INFORMATIVA ESPECIAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL do día 27/09/2011, sendo esta favorable.

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

### **DEBATE:**

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, pásalle a palabra ao concelleiro Don José Ricardo Besada Gesto que di que xa se teñen manifestado ao respecto, e que van a votar a favor, soamente unha condición: que o PXOM sexa consensuado entre todos.

O Señor Alcalde pásalle a palabra ao concelleiro D. José Carlos Gey Hermo.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que é honesto en relación con este punto dicir que xa hai unha ampla xestión previa, que no medio do contrato produciuse a entrada en vigor da nova Lei e o Plan de Ordenación do Litoral e as Directrices de Ordenación do Territorio, e de seguir así a normativa haberá máis demoras.

Tamén quere dicir que xa en marzo puideran traer a documentación, pero preferiuse deixar para despois das eleccións, se ben a empresa ten presentado o documento de inicio en prazo. O goberno municipal procurará o consenso para levalo a diante e quedan anos por diante para que sexa realidade.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que é a primeira pedra no PXOM de Rianxo, espera que sexa realidade, que sería desexable o PXOM consensuado, e que sexa o de todos os veciños/as, esperando que esto salga adiante no 2015 ou antes, e que o pobo de Rianxo se vexa representado nel e co apoio incondicional do Partido Popular.

O Alcalde toma a palabra e di que con iste acordo simplemente dáselle avance a un primeiro documento, se ben será tralo informe da Xunta de Galicia, e novo documento en base a aquel, cando se someterá a aprobación do Pleno Municipal.

Rematado o debate, sométese a proposta recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 16 concelleiros (os 6 do BNG, 4 do PSOE-PSdeG e os 6 do P.P.), cero votos en contra e cero abstencións, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **9.- MOCIÓNS DE URXENCIA**

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar o turno de rogos e preguntas, a **Presidencia pregunta se hai mocións.**

Unha vez sexa mencionada a moción polo grupo propoñente, someterase previamente a declaración de urxencia, e de acadar a mesma por maioría absoluta do número legal de membros que conforman a corporación, procederase ao debate e posterior acordo.

Procédese coas que se consideran a tratar polos diferentes grupos.

**9.1.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO B.N.G RELATIVA A DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011 ( RXE nº 5292, do 02/09/2011)**

A) URXENCIA DA MOCIÓN:

A voceira do BNG comenta a moción que figura no expediente someramente.

A voceira do grupo do Partido Popular, Vanesa Martínez Durán, di que non ratifican a urxencia xa que non é competencia municipal.

Sometese a ratificación a urxencia da moción, resultando **Ratificada a urxencia** cos votos a favor de 10 concelleiros (os 6 do BNG e 4 do PSOE-PSdeG ), 6 votos en contra (os 6 do

P.P.), e cero abstencións, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación.

**B) PASASE A TRATAR O TEXTO DA MOCIÓN, voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, da lectura da moción:**

**<<MOCION SOBRE DERROGACIÓN DA ORDE POLA QUE SE APROBAN OS PREZOS MEDIOS NO MERCADO DE DETERMINADOS INMÓBEIS RÚSTICOS E URBANOS SITUADOS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALIZA PARA OS EXERCICIOS 2010 E 2011**

Esta moción debe presentarse canto antes no Rexistro de Entrada do Concello, con independencia da data en que se deba celebrar o Pleno da Corporación.

A razón para facelo radica no interese do BNG de publicitar nos medios de comunicación a súa presentación e para coñecemento da nosa iniciativa pola opinión pública.

Polo que se debe trasladar a continuación aos medios de comunicación locais ou comarcais.

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

A Xunta de Galiza vén de publicar (DOG do 19 de agosto de 2011) a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.

Os valores medios fixados para os bens inmóbeis nesa norma supoñen un incremento considerábel respecto do valor que se viña asignando polos propios servizos tributarios da Xunta de Galiza.

A aplicación da devandita norma como medio preferente para determinar o valor dos inmóbeis aos efectos do cálculo dos tributos xestionados pola Xunta de Galiza conlevará un aumento xeralizado e abusivo dos impostos que gravan as transmisións patrimoniais inter vivos ou mortis causa (sucesións e doazóns), unha situación que afectará negativamente á maioría dos veciños e veciñas do noso concello.

A subida media das taxacións dos inmóbeis que pretende aplicar a Xunta de Galiza, incluso de xeito retroactivo desde xaneiro de 2010, estímase entre un 25 e un 30 por 100, chegando nalgúns casos ao 65 por 100, como puxeron de manifesto desde que se difundiu o proxecto previo á publicación da Orde especialistas en xestión e asesoría tributaria, organizacións profesionais agrarias, ou mesmo representantes municipais.

En realidade estamos ante unha suba encuberta de impostos aplicada pola Xunta de Galiza, facendo uso dunha actualización de valores alonxada da realidade, dado que, debido á situación de crise económica é precisamente o mercado inmobiliario un dos máis afectados polo descenso continuado dos prezos ao longo dos últimos anos.

Alén diso, a aprobación desta norma demostra a nefasta xestión económica do Goberno Galego, incapaz de facer unha xestión realmente eficaz dos recursos públicos, e ao tempo, afanoso de botar man de mecanismos que implican un incremento desproporcionado de impostos sen importarlle a difícil conxuntura económica na que se atopan a maioría das persoas deste país.

Por todo isto, solicitamos do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

#### **ACORDO**

1. Dirixirse ao Goberno Galego para que :

- a) Derogue e deixe sen efecto a Orde da Consellaría de Facenda do 28 de xullo de 2011, pola que se aproban os prezos medios no mercado de determinados inmóbeis rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galiza para os exercicios 2010 e 2011.
- b) Aprobe unha nova norma pola que se fixen novos valores medios dos inmóbeis que teñan en conta a situación de crise económica e que, polo tanto, en ningún caso, supoña incrementos respecto dos valores vixentes.

2. Dar traslado deste Acordo ao Goberno Galego e máis aos Grupos Parlamentares con representación no Parlamento de Galiza.>>

Procédese polo Sr.Alcalde a dar a palabra aos voceiros dos grupos políticos.

#### **DEBATE**

A voceira do grupo municipal do Partido Popular, Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran, comeza a súa exposición dicindo que o Imposto de Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITP-AXD) e o Imposto de Sucesións e Donacións (ISD) teñen como característica común establecer como base imponible o valor real do ben obxecto de transmisión.

Por valor real enténdese, en palabras do Tribunal Supremo, o existente, o verdadeiro. Desde o punto de vista económico, valor real correspóndese co prezo de mercado. Este valor real terá que ser declarado polo contribuínte na autoliquidación. A esixencia de valorar polo valor normal de mercado xustifica a facultade de comprobación dese valor real por parte da Administración tributaria. A administración tributaria de Galicia vén utilizando, ata agora con carácter masivo para a comprobación do valor real dos bens inmobles obxecto de transmisión, o ditame de perito ao servizo da administración. Ditames, que son cada vez máis complexos e custosos; así mesmo, o alto número de bens a valorar dadas as características do territorio galego (515.333 valoracións realizadas o último ano), ocasiona ineficiencias e atrasos na xestión do imposto, o que redunda tanto en prexuízo dos intereses da facenda galega como do servizo ao contribuínte.

Continúa a concelleira facendo saber que ante esta situación dende a Consellería de Facenda aprobou unha Orde pola que se aproban os prezos medios de mercados de determinados inmobles rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 19-8-2011). A Orde suporá a utilización por parte da administración tributaria galega, no ITP-AJX e no ISD, dun novo sistema de valoracións de inmobles dos contemplados na Lei Xeral Tributaria, o de prezos medios no mercado, e supón a plasmación do xa previsto na Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 (lei aprobada na etapa do anterior goberno bipartito na Xunta). Así mesmo, o 29 de xuño de 2010 nunha Comisión de Parlamento de Galicia o grupo parlamentario socialista votou a favor dunha proposición non de lei na que se instaba á Xunta a “*extrapolar a dinámica dos prezos medios de vehículos ao mercado inmobiliario, mediante a publicación de táboas, proporcionando vantaxe e certidumes tanto á Administración como aos contribuíntes*”. As principais características do novo sistema son a súa obxectividade e adaptabilidade. Os prezos medios de mercado introducidos na Orde están motivados con plena transparencia a partir dos estudos de mercado realizados, de forma que o contribuínte pode contrastar a súa precisión e obxectividade. Ademais, a Xunta de Galicia continuará realizando os estudos de mercado pertinentes para adaptar os prezos medios ás variacións do mercado, de maneira que se axusten o máis precisamente posible á realidade de cada momento.

A incorporación deste medio comporta moitas vantaxes para os administrados e para a xestión destes impostos, entre as que podemos destacar as seguintes:

- 1.- O novo sistema é de aplicación voluntaria para o contribuínte e obrigatoria para a Administración, o que contribúe a aumentar a seguridade xurídica do primeiro, xa que non só sabe con antelación á realización do feito imponible o valor do inmovible e o custo fiscal da operación, senón que a administración vincúlase cos valores publicados, impedindo así unha comprobación administrativa posterior cando o contribuínte axústese a estes valores.
- 2.- O contribuínte pode coñecer (información) con detalle os valores dos inmobles nas diferentes zonas do territorio galego. Polo tanto, lógrase unha maior claridade, transparencia e obxectividade.
- 3.- Redúcense os custos administrativos que supón a diminución do número de valoracións a realizar polos facultativos da Administración. Deste xeito, conséguese unha maior eficiencia na xestión.

A utilización do medio de valoración consistente en prezos medios de mercado foi tradicional nestes impostos, sendo exemplo diso os prezos medios de vehículos e embarcacións que anualmente aproba por orde o Ministerio de Economía e Facenda. No ámbito inmobiliario utilizan este sistema con toda normalidade e probada eficacia outras comunidades autónomas, como Madrid, Castela e León, Castela a Mancha, Extremadura, Murcia ou Navarra. Algunhas delas gobernadas, ata hai ben pouco, polo PSOE

Remata a súa exposición afirmando que é un mecanismo voluntario, útil, gratuíto, que aporta seguridade xurídica e unha información obxectiva sobre o valor de mercado dun inmovible. Está respaldado por estudos técnicos actualizados e que xa ten amosado as súas bondades noutras administracións autonómicas.

O voceiro do grupo municipal PSdeG-PSOE, Don José Carlos Gey Hermo, di que ante todo ese coñecemento xurídico lémbrale aquilo de as “Leis que manexa a xustiza”. Parte de que o PP propuxo no Pleno do 14 de xullo de 2011 a aportación de 1€ para o servizo da piscina, e a voceira do grupo municipal PP dixo que non. E que os datos non os precisa doutra comunidade autónoma onde governe o PSOE.

Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran di que si el menciona o concello ela menciona comunidades autónomas.

Don José Carlos Gey Hermo di que lle lembra Lalín.

A voceira do grupo municipal BNG, Dona Adelina Ces Quintáns, di que si ben Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran di que non é competencia do Pleno, ela di que o é todo o que afecte aos veciños de Rianxo.

Dona M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran replícalles que o da piscina non lle parece ben subir se non se ofrecen máis servizos, por outra banda dille que xa nos orzamentos xerais autonómicos do bipartito se ben reflectidos o que resulta de esta Lei, se practican as máximas de Marx, se ben mais as de Groucho Marx, terxiversando as cousas.

Don José Carlos Gey Hermo di que o que se dixo constará en acta. María José Caride o 07 de xuño de 2010 protestou por este tema e fai 3 anos do bipartito e situación económica xa é outra.

Rematado o debate, sométese a moción recollida ao principio deste punto a **VOTACIÓN**, e cos votos a favor de 10 concelleiros (4 do PSOE-PSdeG e os 6 do BNG), 6 votos en contra (os 6 do P.P.), cero abstencións, dos 16 concelleiros presentes dos 17 que legalmente constitúen a corporación, resulta **APROBADA** nos termos desta.-/

## **10.- ROGOS E PREGUNTAS**

### ROGOS E PREGUNTAS FORMULADOS NO PLENO ANTERIOR

Primeiro o **Alcalde** di que vai a responder aos presentados no pleno de setembro, e procede:

a) Rogos:

- Núm.1º: remitiuse á Xunta de Galicia.
- Resto dos rogos: comunicáronse aos respectivos departamentos.

b) Preguntas:

- Núm. 1: Estase a recortar gastos.

Ricardo intervéñ para aclarar que a de Rinlo era avaría.

- Núm. 2: Ten razón e solicitouse a Coregal un presuposto para ir limpándoos.

- Núm. 3 a 10: Pasáronse ao concelleiro de obras. Concretamente a número 5 estase falando cos comuneiros.

O concelleiro Constantino Castaño engade que dotouse de auga tamén o de o cemiterio pero non hai auga sobranste. A billa está colocada. Na pista de Sestelo vaise facer o muro. Do abastecemento de Leiro coa auga do Ulla fixéronse as xestións con Augas de Galicia e requiriuse á Sanidade, e vanse realizar axiña as probas de acometidas.

- Núm. 11 a 13: respecto dos locais que din sen licenza de obra e apertura mellor que concreten a cales se refiren para poder darlle información completa, ou de se-lo caso, investigalos.

Remata o Alcalde aclarando ademais que:

- na zona de Leiro sen sumidoiros, tras unha xuntanza co Presidente de Augas de Galicia vaise realizar unha municipal para reflectir os problemas.

D.<sup>a</sup> Ana M<sup>a</sup> Eitor Vidal, concelleira do P.P. di que se non chega o orzamento para abrir un pozo mellor sería que non se abrixa que deixalo a medias.

O Alcalde di que o enviarán pero non é unha obra municipal, seguramente os cartos veñan da Unión Europea. Estase a trasladar unha problemática non xerada polo concello, mais aínda así o mirará e contestará no seguinte pleno.

- en canto á limpeza da praia do Porrón tiña servizo de limpeza ao igual que o resto das praias, de todos os xeitos tomaranse medidas para corrixir deficiencias.
- En canto ao tele-traballo nin se permite nin se fai nin está habilitada esta opción, tampouco se prevé na normativa convencional do persoal municipal. Así que si se fai é sen permiso.
- No tocante á débeda recoñecida, quere engadir que todas as facturas estanse a rexistrar, e logo se fiscalizan para ver se son correctas ou non.

#### NOVOS ROGOS E PREGUNTAS

**M<sup>a</sup> Vanesa Martínez Duran**, concelleira do PP, formula os seguintes:

Rogos

1. *Na escola da capela do Araño os pais piden máis áreas de xogos e din que non se coloque o tobogán vello, que se poña un novo.*

O Alcalde toma nota e di que se verá se se pode.

2. *O regato do Piñeiro en Isorna desviouse polo que solicita se arranxe.*

3. *Se dote de auga o campo de Isorna ( cousa que xa pediron noutro pleno)*

O Alcalde di que mais que dotalo de auga haberá que desbrozalo.

4. *Se arranxe o socavón na rúa Rey Barroso.*

5. *Se substitúa o banco de madeira que está xunto a fonde de Or en Leiro, xa que está apollillado, sendo moi usado polos veciños.*

Preguntas

( única) *No listado de resolucións das que se da conta neste pleno figura a contratación dunha persoa para limpeza de praias a principio de de setembro ¿ pode explicar a causa?*

O Alcalde di que posiblemente sexa por unha vacante que se produciu.

Non hai mais rogos e preguntas.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 21:40 HORAS, de orde da Presidencia, ábrese a sesión a ROGOS E PREGUNTAS DO PUBLICO ASISTENTE.

Levántase a sesión ás 21:45 horas, da que se estende a presente acta, do que eu, Secretaria, dou fe.

**O Alcalde.**

**A Secretaria.**

**Adolfo Muíños Sánchez**

**Carolina Costoya Pardo**